

## RAZA NAVARRA

De recente recoñecemento oficial (Novembro de 2007), debe o seu nome á Comunidade Autónoma de Navarra, onde se iniciou a tipificación a inicios dos 80.

Debido á transhumancia permaneceu en rabaños homoxéneos e con escasa influencia doutras razas. Grazas a súa rusticidade colonizou o terreo pasando a ser practicamente a única raza existente de produción de carne de Navarra.

Son animais de carácter forte, con pouca pata e especializados na produción cárnica. Destaca a súa adaptación a medios adversos, con choivas abundantes e neve. Tamén se valora pola súa resistencia ós cambios bruscos de temperatura e á transhumancia.

A produción maioritaria é a de cordeiro leital de ata 14 Kg. vivo, alimentado exclusivamente co leite materno, que ofrece unha carne acorde ós gusto máis exquisitos.

Destacar, por outro lado, que no campo da reprodución a Ovella Navarra é de ciclo ovárico continuo, o que permite intensificar o proceso reproductivo diminuíndo o intervalo entre partos. Na actualidade está moi xeneralizado o sistema de tres partos en dous anos sen o uso de tratamentos hormonais.



Ovella Navarra – Fonte (FEAGAS)

## COMPRA – VENTA

- Véndense mastíns españois – 607 462 040
- Véndese rabaño completo de ovino dunhas 170 cabezas – 988 407527 / 655 716 701 – Xinzo de Limia (Ourense)
- Véndese estercos de ovino, zona de Friol – 639 925 690 – Friol (Lugo)
- Véndense cordeiras e carneiros de raza INRA 401 – 666 159 761 – Neda (A Coruña)
- Véndese rabaño de 300 cabezas, incluído Pago Único e anos – 664 397 702 – Baños de Molgas (Ourense)
- Véndese camada de Border Collie, 13 xuño de 2011, pais con pedigree e traballando – 620 295 920 – Boimorto (A Coruña)
- Pastor portugués busca traballo en Galicia con cabras ou ovellas. Ten catro Border Collie traballando ó máximo nivel – 620 295 929
- Véndese herba seca de calidade en paca pequena – 619 032 791 – Pol (Lugo)
- Mércanse 10 cabritas de carne – 625 390 990 – Porriño (Pontevedra)
- Véndense 25 ovellas e un Border Collie macho de 3 meses – 630 941 854 – O Corgo (Lugo)
- Véndense 100 cabezas de ovino, de 2 a 3 anos, por lotes ou xuntas – 629 870 265
- Véndense varios rolos de malla electrificada, a estrear – 679 455 138
- Véndense 100 ovellas – 629 870 265 – Negreira (A Coruña)
- Véndense 5 mallas electrificadas de 50 m a estrear – 686 457 216 – 622 601 093 – Pantón (Lugo)
- Véndense 6 cabras – 981 482 538 – 659 649 710 – Cedeira (A Coruña)
- Véndense cachorros de Mastín de los Pirineos – 649 588 235 – Curtis (A Coruña)
- Véndense cabras de leite de raza Alpina – 605 080 015 – Lobios (Ourense)
- Véndense 10 ovellas en bo estado – 699 515 423 – Begonte (Lugo)
- Véndense 7 cabras e 1 castrón – 650 175 253 – Guitiriz (Lugo)
- Véndese carneiro de raza cárnica de 4 anos – 981 432 033 – Cabanas (A Coruña)
- Véndense cachorros de Mastín e de Border Collie, machos e femias – 676 030 978 – Portomarín (Lugo)
- Véndense cabritas de recría de explotación en ecolóxico – 664 524 486 – Allariz (Ourense)
- Regálanse cachorros de cruce de mastín – 627215771 – Lugo (Lugo)
- Véndense cachorros de Border Collie – 628 822 397 – Guitiriz (Lugo)
- Véndense cachorros de mastín - 607 462 040 – Ourense
- Vendese macho ovino de 3 anos – 608 987 492 – Labio (Lugo)



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 68 XUÑO-XULLO 2011

### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo  
Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211  
Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense  
Correo Electrónico: [ovica@ovica.org](mailto:ovica@ovica.org)  
Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

## RAPA

A primeiros de xuño rematou o servizo de rapa organizado por OVICA para esta campaña 2011. En total, realizouse o tosquiado dunhas 25.000 cabezas por toda Galicia, entre socios e non socios, en pouco mais de dous meses. Trátase dun servizo moi importante para os gandeiros de ovino e que OVICA ven organizando de forma continua desde fai xa 10 anos. Queremos aproveitar para mandar un agradecemento a tódolos socios que realizaron o tosquiado con OVICA, e que contribúen á continuidade, o bo funcionamento e á mellora do servizo ano tras ano.

**MOITAS GRAZAS A TODOS E TODAS!**




## EVOLUCIÓN DO CENSO DE OVINO E CAPRINO EN GALICIA

O MARM ven de publicar os datos estatísticos do censo de ovino e caprino do ano 2010. Aínda que os dous sectores seguen unha tendencia á baixa, agudizada o ano pasado polo desacoplamento dos dereitos de ovino – caprino, vemos diferencias por provincias. Como é habitual, Ourense e Lugo seguen a concentrar arredor do 70% do censo galego.

Por sectores, o ovino perdeu en 5 anos un 30% do censo, cun descenso máis agudado en Lugo que en Ourense. Conta salientar que na provincia de Pontevedra o censo quedou reducido á metade nestes 5 últimos anos.

No referente ó caprino, perdeuse máis dun 35% en Galicia a pesares da tendencia á alza dos anos 2008 e 2009. Lugo afianza a súa posición como a provincia con maior censo de cabras despois do descenso de máis do 50% nestes 5 anos na provincia de Ourense.

Todos estes datos teñen que servir para reflexionar e darnos conta que o sector, tal e como o coñecemos agora, ten que mudar para atopar novas solucións que nos permitan afrontar o futuro con maiores garantías.



**CAIXA RURAL GALEGA**

## O FENOLAXE COMO ALTERNATIVA Á HERBA SECA (1ª parte)

Gonzalo Flores Calvete e Xabier Cortizo Mella  
Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo – INGACAL

A produción de pasto non é estábel ó longo de todo o ano senón que ten un forte pico na primavera e outro máis suave no outono con baixas ou incluso nulas producións nas partes centrais do verán e do inverno. No referente ás necesidades alimenticias dos nosos rabaños dependerá da época escollida para a parideira e anque tratemos de facer coincidir esta ca primavera en moitos casos estamos "obrigados" pola demanda de anos a ter partos no verán, e como non, tamén de cara ó Nadal. Nestes caso é cando o alimento conservado xoga un papel fundamental á hora de reducir custes, pois de canta mellor calidade sexa máis enerxía e proteína lle aportarán ó gando e seremos menos dependentes de alimentos conservados co conseguinte aforro que esto supón.



Corte dunha rotopaca de fenolaxe

O xeito máis tradicional de conservación de forraxe é mediante a realización da herba seca e anque nos últimos anos a meirande parte dos gandeiros introduciron o ensilado como forma de conservación da forraxe excedente, non é menos certo que a totalidade das explotacións seguen a facer herba seca que empregan en maior ou menor medida como suplemento case a diario.

O proceso da herba seca defínese coma un sistema de conservación de forraxes, baseado na súa deshidratación ate conseguir reducir a súa humidade a niveis próximos ao 15 % o cal impide a proliferación dos fungos. Unha boa herba seca debe ser abundante en follas, ter uns talos finos, conservar parte da súa cor verde e ter ese aroma característico a mazás maduras.

Unha cuestión fundamental que debemos ter en conta é que a calidade dunha forraxe conservada nunca será superior á do material orixinal, polo tanto para obter unha herba seca coas características antes descritas será preciso primeiro contar cunha pradeira polífita composta por gramíneas e leguminosas, trevo branco e raigrás inglés, fundamentalmente. O normal será darlle un primeiro corte para silo a principios de maio, ou ben facer un pastoreo ate esas datas co fin de poder dar o corte para herba seca ós 60 días aproximadamente, co cal estaremos falando dunha sega de finais de xuño principios de xullo. Os principios inconvenientes para obter unha herba seca de calidade, aínda partindo dunha boa forraxe, radican nun longo período de exposición ás condicións meteorolóxicas e que temos que remover a forraxe unhas 2-3 ou incluso 4 veces co cal se perde case que toda a folla, sobre todo das leguminosas. Unha medida que nos evitaría dar só un volteo á forraxe, sería empregar unha segadora rotativa con acondicionador que lacera os talos das plantas acelerando a perda de humidade.

Todo o exposto son recomendacións feitas en base a xeneralidades teóricas, pero se nos referimos aos resultados analíticos de mostras de fenos procedentes de explotacións galegas facilitados polo Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia observamos que un feno medio ten a seguinte composición: materia seca (MS) 87.3%, materia orgánica (MO) 92.4%, proteína bruta (PB) 8.0% e fibra ácido deterxente (FAD) 41.2% evidenciando unha calidade mediocre, posta tamén de manifesto por unha dixestibilidade da materia orgánica (DMO) que non supera o 52%. Atopamos tamén unha certa variabilidade no valor nutricional (por exemplo, contidos en PB que varían entre 5 e 9% da materia seca) pero en xeral os fenos empregados na alimentación do gando nas explotacións galegas se agrupan na parte baixa da escala de valoración nutricional de alimentos para ruminantes. As condicións climáticas de Galicia durante a primavera e comezos do verán fan que sexa virtualmente imposible *curar* adecuadamente a herba para obter un feno de calidade nesta época, o cal obriga a atrasalo corte ata finais de xuño ou mediados de xullo cando a forraxe perdeu grande parte do seu valor nutricional debido ao avance da madurez.

## CONSIDERACIÓNS SOBRE A PRÁCTICA DO FENOLAXE

### As vantaxes

A conservación a medio camiño entre a ensilaxe e o feno proporciona unha flexibilidade máis grande na colleita da forraxe para o inverno, permite obter un alimento de mellor calidade e reducir as perdas na conservación. Posto que o contido en humidade da forraxe apta para rotoempacar e encintar como fenolaxe é aproximadamente dun 40-50% comparado cun 15-18% de humidade requirida para facer herba seca, necesitamos menos tempo de secado no campo e podemos conservar a forraxe en épocas que aínda non é posíbel facer herba seca debido á climatoloxía.

Por tanto, podemos aproveitar o pasto cando a súa calidade nutritiva é alta, incluso dando varios cortes en condición favorábeis. Por outra parte, dado que o proceso de secado é máis breve no fenolaxe comparado co curado da herba para facer feno, a perda de follas dos trevos e leguminosas en xeral vese moi reducida, co conseguinte aumento comparativo de valor enerxético e proteico da forraxe conservada. Isto reflectese na boa palatabilidade do alimento para o gando e na redución da proporción de alimento rexeitado durante o seu consumo.

### Atención a evitar a entrada de aire nas rotopacas

A entrada de aire, aínda en pequenas cantidades, provocará o deterioro da forraxe e o crecemento de fungos. En condicións de alta temperatura e humidade, este proceso se acelerará, provocando o quecemento da masa de herba pola acción dos microorganismos presentes na forraxe.

Este proceso conleva, en maior ou menor medida, unha perda apreciable do valor proteico do alimento, causada polas chamadas "reaccións de caramelización" onde se producen compostos nitroxenados indixestíbeis para o animal. As pacas de fenolaxe unha vez abertas deben consumirse con rapidez, en dous días como máximo, polo que o tamaño das pacas debe adecuarse ás necesidades do rabaño que temos que alimentar.



Encintado dunha rotopaca

Sen embargo, a principal preocupación no manexo das rotopacas encintadas de fenolaxe, desde o punto de vista da saúde do rabaño ovino é evitar o risco de listeriose. Esta enfermidade está causada por unha bacteria (*Listeria monocytogenes*) que pode contaminar a forraxe presecada durante a súa estancia no campo e multiplicarse na masa ensilada cando se dan condicións de infiltración de aire por un defecto no selado da rotopaca.

Os síntomas clínicos se manifestan aproximadamente 3 semanas tras a inxestión do alimento contaminado e inclúen depresión, inactividade, perda do apetito, camiñar irregular e desorientado e a morte en casos graves. Tamén pode provocar abortos en animais que se atopan no último tercio da xestación.

A bacteria causante da listeriose non sobrevive en ensilaxes con pH superior a 5.5. Aínda que con material fortemente presecado o pH usualmente é cercano a 5.0, a bacteria pode sobrevivir e multiplicarse en zonas onde se infiltra aire, que sufrirán un deterioro e alcanzarán valores de pH perigosos.

Por esta razón se recomenda efectuar un bo selado das rotopacas, con 4-5 capas de film estirábel, e reparar inmediatamente os orificios que ocasionalmente se puideran producir na cuberta. Tamén é moi importante cubrir as rotopacas con malla para evitar o picoteo de paxaros e arredar, na medida do posíbel, os animais domésticos da zona de almacenamento. Outra medida importante é deixar fermentar a forraxe unhas 4 semanas antes de utilizar as rotopacas, para permitir que a baixada do pH que ten lugar na masa da herba (desde 6.2-6.5 até aproximadamente 5.0) evite a proliferación das listerías. Con estas precaucións o uso do fenolaxe na alimentación ovina é perfectamente seguro e recomendábel.

Continuará no seguinte Boletín de OVICA